

UN BELÉN QUE NUNCA PECHA

Lema: Gaiferos de Mormaltán

I

Bota a andar xaneiro
e os beléns de todo o mundo van pechando as súas portas.
Xa gardei as figuras en caixas de cartón
e ceibei aos colectores mofo e aserraduras.
Conxélanse na gorxa por tempo indefinido
as panxoliñas que ata agora burbullaban a cachón.
Mesmo a calma e o sorriso
deron en mingoar neste aire desmestgado.
Alguén axotou as pombas familiares
que entraban pola porta con ramallos de oliveira.
Alguén brizou o espello
en que nós nos compuñamos para estar ben parecidos.
Onde vai a estrela de Belén, os anxos e os pastores?
Que foi dos días harmoniosos e das noites apracibles,
das conversas de vagar e as lembranzas infantís?
Por que regresa o fanatismo, o estrés e a competencia?
Por que volven os puños e a obsesión polo diñeiro?
Veos de saudade anubran os meus ollos
e a ficción dun Nadal caloroso e sen final
arrefece na distancia coma un soño que se extingue.

II

Sentíndome atrapado no remuíño da noite
alcei a vista e descubrín
un ronsel de estrelas que brillaba aló no alto.
Despois de dubidar entre o si e mais o non
boteime a camiñar baixo aquela vía láctea
que un rumbo me marcaba.

Cheguei a un lugar
onde os ríos van calados
e os ameneiros vixían as veigas sempre verdes,
onde as lagoas son cristais que reflecten o alto ceo
e os penedos dormen calmos co lombo destapado.

Begonte ten por nome esta terra sinalada
que é faro do Nadal para toda a súa Galiza.
Aquí se funden nunha aperta as xentes da Mariña,
as da Chaira, as dos Ancares e o Courel,
as do Miño, as do Sil e as súas Ribeiras,
as das Rías Baixas xunto coas das Altas,
as das cordas interiores e as dos vales medianeiros.

Cheguei por fin ao meu pesebre, o que tanto procurei.
Coidei que as súas portas
pechaban por xaneiro coma todos os demais,
mais souben ben axiña que nunca tal fixeran,
pois abren todo o ano faga frío ou calor.

Aquí neste recanto veredes xente arreo
ofrecendo as súas mans de xaneiro ata decembro:

mans de artistas con pulso habelencioso,
mans de doctos con pluma e verbo claro,
mans de cregos con fe de cantería,
de homes xenerosos que comparten o seu tempo
e mulleres laboriosas cheas de afouteza.
Eles son as figuras do belén,
xentes que se esforzan pola paz e a irmandade,
xentes que constrúen un mundo máis amable
e fan de Begonte un espazo para todos,
porque cren firmemene naquel humilde Neno
e tamén no seu Belén.